

CASTELAO NA PRENSA LOCAL RIANXEIRA

BIOGRAFÍA DE «EL BARBERO MUNICIPAL»

(Rianxo, 1910-1914)

Por X. L. Axeitos

Dous formatos, dúas cabeceiras e tres imprentas.—A vida do periódico rianxeiro *El Barbero Municipal* vai desde o 17 de xullo de 1910, data na que sae á rúa o primeiro número, ata o 7 de marzo de 1914, que supón a despedida da publicación no número 191¹.

En tan dilatada existencia tivo o periódico dous formatos diferentes: desde a súa aparición ata o número 12 tivo tamaño tabloide, segundo a terminoloxía de López de Zuazo, de 43,5 x 31; desde o número 13 ata o remate manterá o formato chamado «intermedio», de 47,5 x 34. O cambio de formato non supuxo variación na diagramación, que mantivo sempre a páxina a catro columnas con corondel semi-negro.

Tamén sufriu variacións na cabeceira xa que no número 78, do 6 de xaneiro de 1912, ten unha variante sustancial da que fala o ilustre «barbeiro» Rey Baltar nun importante artigo biográfico da publicación:

«Ao comenzar o ano de 1912, «O Barbeiro» apareceu cunha nova caricatura ao fronte. O mesmo labrego, anque mellor vestido, rasoiraba a un indio, coroado de prumas i engrilado pol-as canelas a un cepo. Do seu brazo esquerdo saía unha cadea apreixando pol-o pescozo a un mono, que a modo de lanza levaba un pau, en cuio remate pousábase unha leituza. Tanto o señor da primeira caricatura como o indio da segunda eran o mesmo persoaxe. Tratábase do señor de Rianxiño, o famoso Viturro, que anque non tiña forza e coitelo, dispuña de total-as autoridades ao seu antoxo»².

A impresión do periódico foi responsabilidade de tres imprentas diferentes: os doce primeiros números saíron da imprenta *Eco de Arosa* de Vilagarcía; dos número trece ó trinta imprímense no taller de Juan Balado na rúa do Vilar, 14, Santiago. E a partires do número 31 sairá do Establecemento tipográfico de «Editorial Compostelana», sita na rúa do Vilar.

Caciquismo, política e prensa.—Na colección de *El Barbero Municipal* que gardaba a familia Dieste, encadernada na imprenta *La Colmena* de D. Cándido C. González —conocido entre os seus veciños e clientes polo «Sr. Cándido»— pódese ler esta inscrición que delata a autoría dunha pluma comprometida na loita política daqueles anos:

«RIANJO. RECUERDO DEL RÉGIMEN DEL TERROR.

Dominaba todo lo más infame.

El pueblo supeditado al fin para poder vivir.

Es innegable la eficacia del palo, todo consiste aplicar [sic] uno más de los que pueden resistir.

En donde hay unión existe virilidad, si falta aquella, debilidad vergonzosa.»

¹ Existen bastantes erros na numeración dos exemplares de «*El Barbero Municipal*»; así:

—Nº 90 (do 30-III-1912) pon nº 40.

—Nº 91 (do 6-IV-1912) pon nº 41.

—Nº 105 (13-VII-1912) pon nº 103.

—Nº 106 (20-VII-1912) pon nº 104

Os erros succédense ó longo da vida do periódico ata o final da súa vida xa que o número 191, o derradeiro, figura como 189. Polo medio chega a figurar en branco o número 123.

² Pode lerse o texto íntegro deste artigo, publicado na memoria de Castelao en *A Nosa Terra*, Buenos Aires, nº 474, 1950, na obra de J. A. Durán, *El primer Castelao. Biografía y antología rotas*, Madrid, 1972, pp. 288-291.

Tal aviso a futuros lectores da colección supón un esquemática e apaixonada reflexión sobre a loita anticaciquil que o partido conservador de Rianxo emprende con esta publicación, que se presenta con estas credenciais:

«*EL BARBERO MUNICIPAL* será fiel guardador de la herencia religiosa por nuestros padres legada y que juramos defender, hasta donde nuestras fuerzas alcancen, sin temores ni desmayos. Como políticos, nos honramos llamándonos conservadores, y conforme a nuestra condición de ciudadanos, reclamaremos para nuestro municipio rianjés la ampliación y mejora del alumbrado público; el arreglo de las calles y caminos vecinales; un más equitativo repartimiento de los impuestos, especialmente del de consumos, de modo que cada cual contribuya, según su fuerza económica, y no conforme a la voluntad de los señores feudales que para escarnio de la justicia y castigo nuestro, desgobiernan este país... Ofrecemos nuestro incondicional apoyo a todos los ciudadanos del partido de Padrón que se vean injustamente perseguidos por caciques liberales.

Finalmente, secundaremos toda conveniente iniciativa y seremos implacables en nuestra campaña contra las cobardes represalias»³.

Fácil é comprobar que estamos aínda, en 1910, en plena política de «viceversas» como denomina D. Manuel Murguía á alternancia pactada do poder. E tamén se amosa nesta declaración de intencións, ademais da expresa vontade de loita anticaciquil e afirmación dos valores relixiosos tradicionais, unha fe rexa no poder da prensa periódica como canle de loita política e social.

Tal confianza no poder da prensa é a herencia que pervive do século XIX, que concibe a prensa como arma dialéctica imprescindible. Esta concepción deste medio de comunicación é común a liberais e conservadores que están nunha competencia vertixinosa por dotarse das millores cabeceiras.

Resulta a este respecto moi revelador que incluso a cultura clerical —tan activa protagonista do poder canonizador do mundo do libro— pregoe as excelencias da prensa co entusiasmo con que o fai un cualificado representante, o bispo galego Antolín López Peláez:

«Con el libro contestad al libro. Pero no opongáis el libro al periódico. Sería pelear con trabuco contra un fusil de tiro rápido.

[...] Contra la fuerza de la prensa no vale fuerza ninguna. Es un tren que marcha con velocidad incalculable; si os ponéis en su camino quedaréis aplastados: es un torrente que no puede secarse, porque sus fuentes son invisibles y están muy profundas...»⁴.

Non falta na exhortación do autor o chamamento ó combate:

«No luchéis contra la prensa; luchad con la prensa. Es el arma hoy más poderosa, porque es el vehículo más rápido de las ideas, porque es la gran sembradora de doctrinas, porque dirige, domina y crea opinión; no la dejéis en manos de vuestros enemigos, apoderaos de ella, y si no podéis tanto, combatid su prensa por medio de vuestra prensa. elead contra vuestros enemigos en el terreno que dominan. No empleéis, para vencerlos, armas inferiores a las que ellos manejan»⁵.

Non era distinta a valoración nas ringleiras liberais que nos momentos máis difíciles fixeron da prensa periódica a súa trincheira ideolóxica, arriscando a súa liberdade e protagonizando o primeiro exilio importante, despois do sexenio revolucionario. No plano local rianxeiro, xurdirá o periódico *Buenas Noches*⁶ para contrarrestar os ataques conservadores, concientes do valor e prestixio do papel impreso.

Sorprende nunha primeira ollada ó periódico rianxeiro a defensa dos principios relixiosos que proclama na súa presentación, sobre todo se temos en conta os colaboradores e

³ «Nuestro Programa», *El Barbero Municipal. Semanario conservador*. nº 1, Rianjo, julio 17 de 1910.

⁴ Excmo. e Ilmo. Sr. D. Antolín López Peláez, obispo de Jaca, *La prensa como arte de combate*, conferencia que pronunció el... en el Paraninfo de la Universidad literaria de Valladolid, Valladolid, 1909.

⁵ *Ibid.*, p. 12.

⁶ O primeiro número sac á rúa en xuño de 1911.

simpatizantes de talante liberal, así coma certos temas máis propios de librepensadores que de «conservadores», tal como se autonominan. Explica esta paradoxa un importante artigo dunha das máis significadas plumas do periódico, Ramón Rey Baltar, «Verdugillo»; como lembranza de Castelao, no ano da morte deste, en 1950 escribe o autor de *A Gaita a falare*, xustificando ó semanario e xustificándose a si mesmo:

«Para ser fidel á verdade, é menester acrarar que no embandeirarse *O Barbeiro* no partido acaudillado por Maura, non significaba que os redatores estiveran identificados coa política do ilustre estadista mallorquín. O que pasaba era que, para loitar con probabilidades de éisito en contra do cacique de Rianxo, Don Manuel Viturro, segredario da Diputación provincial da Cruña e lugarteniente de Gasset na mesma provincia, había que buscar amparo nun partido forte i enemigo dos liberales, i ese amparo douno o marqués de Figueroa, ex ministro conservador, a través do seu representante en Padrón, D. Ramón Tojo...»

Parece lóxica a explicación se temos en conta o espírito combativo que sempre mostrou «Verdugillo» e ó que non renunciou nunca. Movido por este espírito loitador publica os seus versos antifascistas en 1939 en Buenos Aires e tenta reunir arredor do seu libro, *A gaita a falare*, ós «compañeiros de navalla», tal como explica nunha carta a Eduardo Dieste de data 12 de setembro de 1938:

«Ahora, ya que tú fuiste el inspirador, una vez que esté la obra completa, si es de tu agrado, quiero que seas el padrino de la criatura, escribiendo el prólogo. Y si llegase a venir por aquí Castelao, como aseguran, le pediré la carátula —obra de Luis Seoane, finalmente. Sería el colmo de mi satisfacción y el honor más grande que yo pudiera recibir. ¡Mis dos viejos compañeros de *navalla* llevando de la mano al neófito! Me derrito de gusto. Además, así contribuiría a la ayuda de los que con tanta valentía y abnegación luchan por una mayor justicia humana...»

Con todo, a pesares da importancia da prensa local neste momento, da ilustración que supón para as loitas e banderías non urbanas —como destacou o primeiro estudioso do *Barbeiro*, J. A. Durán— o maior valedor do periódico segue a ser a presenza fundacional e colaboracións de Castelao, que xustifica por si mesmo a edición facsímil de edicións do Castro.

Porque, en efecto, non pode negarse a gran importancia que *El Barbero Municipal* vai ter na formación e traxectoria posterior do ilustre rianxeiro. Ideoloxicamente, porque lle permitirá a Castelao iniciarse na loita anticaciquil e valorar as dificultades do compromiso político; e artisticamente porque se inicia na caricatura poñendo a súa arte ó servicio das paixóns políticas. As caricaturas de Castelao no *Barbeiro* resumen o pensamento da minoría activa de Rianxo que loitaba en desvantaxe co poder caciquil do omnipotente Viturro. E, o que non é menos importante, o autor de *Sempre en Galiza* aquilata a importancia da prensa para conformar grupos e ideas. Con razón dabondo se explica a gabanza que lle dedica a Anxel Casal, o editor máis importante anterior á guerra civil.

Os protagonistas.—Os principais artífices do periódico son Don Xosé Arcos Moldes, director, redactor, suscriptor, anunciante e sempre presente non samente nas páxinas do *Barbeiro* senón tamén nas páxinas da vida rianxeira do seu tempo.

Despois de pasar polo Seminario, estudiará en Barcelona na Escola de Comercio cando xa contaba vintecinco anos. En Cataluña coñeceu, sen dúbida, o pulo cultural rexionalista e as máis diversas formas de asociacionismo que tentou poñer en práctica no seu pobo de adopción, Rianxo. As loitas políticas provocaron a ruina económica deste home que chegara a Rianxo como herdeiro acomodado, procedente de Santa María de Curro (Barro) onde nacera en 1865.

O periódico *Buenas Noches* alcumaba a Arcos coma *Ascomordes*, deturpando os apelidos do director da publicación rival.

Por unha única vez, no primeiro número, figuraba Eduardo Dieste como director literario e Castelao como administrador. Ambos serán protagonistas de moitas das páxinas do *Barbeiro* a pesares das súa continuas ausencias da vila.

En efecto, Eduardo Dieste, despois dunha fracasada incursión pola Corte e unhas colaboracións literarias no diario coruñés *El Eco de Galicia*⁷ regresa a Montevideo cando as loitas caciquís lle pasan factura en forma de servicio militar. Pero aínda así a súa presenza no periódico rianxeiro é constante: reseñas dos seus libros (números 51, 62, 103 e 179) firmadas por Lustres Rivas e Barcia Caballero, publicación dun relato por entregas titulado *La Modelo* e dun soneto galego, *Paisaxe de Santiago* no número 119, etc, etc.

Polo que respecta a Castelao⁸ é evidente o seu protagonismo nas páxinas do periódico rianxeiro a pesares das súas temporais ausencias. Será presentado a cotío como artista de éxito reproducindo artigos relativos ás súas exposicións e conferencias firmados por prumas prestixiosas coma Manuel Abril, Vicente Risco, José Francés, Enrique Correa, etc. (números 24, 85, 92, 93, 94, 95, 96, 100, 107, 111, 130, 145, 162). Ademais dos firmados como médico, relativos á epidemia variolosa de 1911 en Rianxo, que lle sirven para atacar ó médico titular Sr. Varela, destacado militante do liberalismo local; firmaba por estas datas, xullo de 1911, co nome de Alfonso Rodríguez.

En destacada tipografía, que recorre toda a primeira páxina do número 102, aparecerá tamén ampla información da homenaxe que lle dedican a Castelao o 16 de xuño de 1912 con reprodución de discursos, personaxes asistentes, menú, etc.

Outros redactores importantes serán Xosé Rañó, que adoitaba fimar PUM e a quen os de *Buenas Noches* alcumaban Arrichadentes⁹. Aparece este comerciante na foto máis espallada dos «barbeiros» na compañía de Arcos Moldes e Castelao.

De gran importancia será tamén a colaboración do padronés Ramón Rey Baltar, «Verduguillo», tanto polas súa sátiras poéticas como polo seu parentesco coa familia Baltar, nada neutral nas loitas locais xa que estaba comprometida coa causa de Don Mariano Rodríguez, pai de Castelao.

Non debemos esquecer a presenza de X. R. Nine, o xerente «Trepof» na afiada lingua do bando rival nin a da voz feminina Rosa Fachado Somoza que firmaba o apartado *Feminismo rianjés* en contestación ós ataques ás mulleres de «Avechucho», da prensa rival.

Entre as colaboracións literarias non faltan as reproducións de textos de escritores consagrados coma Neira de Mosquera, Rosalía e Murguía, mitos medievais amorosos coma Macías, ademais de Vesteiro Torres, Concepción Arenal, Alberto Camino, Antón de Olmet, Martelo Paumán, Sofía Casanova, Fernández Mato, Lustres Rivas, Emilio Carrere, ademais das colaboracións activas de *Asieumedre*, Manuel Lugrís Freire.

Se analizamos con certo detenimento a presenza destes nomes no *Barbeiro* o responsable da selección semella ser un liberal rexionalista.

Pero será esta publicación, sobre todo, a escola primeira de Castelao como artista gráfico. Aquí aprende as dificultades da comunicación e aprende a valorar a arte como vehículo de solución dos problemas. Así nos informan as dezaseis caricaturas políticas que se suceden polo periódico¹⁰, ademais das viñetas de cada sección, de corte costumbrista e rural e as cabeceiras que xa citamos.

En todas as caricaturas figura, sen excepción, o cacique provincial Manuel Viturro, acompañado da hoste local, Cubeiro, Varela e o alcalde Pérez ou dos cuneiros e protectores estatais: Canalejas, Gasset, Ortega y Munilla, etc.¹¹

Todas as caricaturas que Castelao fai para o *Barbeiro* teñen unha lenda que complementa o dibuxo; pero todos os lectores do periódico rianxeiro identificaban ós protagonistas servindo case sempre o dibuxo de reforzo rotundo e claro da mensaxe anticaciquil.

⁷ Firmada por Z, inicial de *Zenitram*, seudónimo do crego Xosé Martínez, famoso párroco de Teis anos máis tarde e probablemente compañeiro nas aulas do Seminario de Santiago, aparece un artigo no diario *El Eco de Galicia* (4-II-1911) titulado *A Guisa de semblanza. Eduardo Dieste*, que será reproducido no *Barbeiro* nº 31 de 11 de febreiro de 1911.

⁸ Non se libra o fillo de Don Mariano do alcume correspondente e a desmadeixada figura do médico mozo aparece como «Palitroques» nas páxinas de *Buenas Noches*.

⁹ Os alcumes non eran privativos do bando liberal, tamén os «barbeiros» eran mestres; así, Viturro pode aparecer coma «Marelo», «Barbarroxa» ou «Señorito».

¹⁰ Números 9, 14, 17, 21 no ano 1910 e números 33, 35, 39, 40, 49, 53 e 70, de 1911; números 78, 98 e 115, de 1912; números 141 e 154, de 1913.

¹¹ Asociada á figura de Viturro aparece en varios números Xuana «a Pansuda», como barragana do cacique.

As caricaturas políticas e anticaciquís de Castelao no *Barbeiro* serviron ó rianxeiro de escola preparatoria para empresas futuras.

De calquera xeito o esquema máis clarificador do periódico corre a cargo dun magnífico índice, obra do rianxeiro Xosé Antonio Calvo. Nun país coma o noso tan entregado á «cultura do prólogo», retoricista e valeiro, non podemos menos que saudar este tipo de traballos anónimos e infravalorados tantas veces.

Queremos, xa que logo, homenaxear á «cultura do índice» polo que supón de respecto ó lector e de culto á obra impresa. E se Rianxo foi a vila natal de Castelao, o *Barbeiro Municipal* foi a súa primeira escola das artes gráficas. Canda estas aínda eran arte e non industria.

Unha vez máis Edicións do Castro e Isaac Díaz Pardo, no 50 cabodano da morte do ilustre rianxeiro, rescatan do esquecemento unha obra do pasado para proxectar o futuro.

X. L. Axeitos
A Coruña, 1999